



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2023. (EXPEDIENTE 2023/G010/000001)

No salón de plenos do Concello da Laracha, sendo as 13:30 horas do día sinalado, reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os Señores Concelleiros que se relacionan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, e asistidos por min, o Secretaria Dna. Marta Vázquez Garea e o interventor municipal Eduardo Mera Rico, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria e pública, en primeira convocatoria. En cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, concorren debidamente convocados:

Señores Asistentes:

Presidente.- D. José Manuel López Varela (PP)

Concelleiros:

D. José Ramón Martínez Barbeito (PP)

Dna. Patricia Bello Canedo (PP)

Dna. Rocío López Rey (PP)

D. Jesús Souto Pena (PP).

D. Ramiro Bello Recouso (PP)

D. Pablo Cambón Bértoa (PP)

Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP)

D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP)

Dna. Adelina Liste Monelos. (PP)

Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP).

Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE)

Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE) Non asiste

Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE).

D. José Martínez Ageitos. (PSOE)

D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG)

Dna. Carolina Castiñeiras Brandón. (BNG)

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta a sesión na Casa da Cultura, para gardar as debidas distancias de seguridade..

Antes de comezar a sesión o Presidente gardase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Recibido polos membros do Pleno da Corporación o borrador das actas correspondentes ás sesións plenarias celebradas, o día 30 de setembro de 2022 e o 10 de outubro de 2022, nos termos esixidos polo artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sometido o borrador a votación, este resulta aprobado por **unanimidade dos quince (15) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. Dna. Cristina Vieites Calvo.(PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG) o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador das actas das sesións plenarias seguintes:

- Ordinaria de 25 de novembro de 2022
- Extraordinaria de 22 de decembro de 2022

SEGUNDO. Ordear a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Dáse conta das seguintes Resolucións de Alcaldía que estiveron a disposición dos Sres concelleiros para o seu coñecemento e toma de razón, conforme ao establecido na Lei 7/1985 de 2 de abril e no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro:

- Resolucións da Alcaldía dende o número 1463/2022 ata a número 0064/2023 (ámbalas dúas inclusive) ditadas dende o 22/11/2022 ata o 23/01/2023.

O alcalde agradece o traballo realizado polo persoal do Concello a final de ano.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ELECCIÓN DO/A XUÍZ/A DE PAZ SUBSTITUTO/A.

Dáse conta do ditaminado na Comisión de Asuntos de Pleno do 24 de xaneiro de 2023:

“Por Providencia da Alcaldía do día vinte e oito de outubro de dous mil vinte e dous, iniciouse o expediente para a elección de Xuíz/a de Paz substituto, promovido por escrito remitido pola Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia debido ao vencemento do período de 4 anos de nomeamento do anterior.

Por Resolución da Alcaldía 1506/2022 de 29 de novembro de 2022, aprobouse a convocatoria para a provisión da dita praza polo sistema de libre elección.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Ao abeiro do artigo 101 da Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio del Poder Judicial, será o Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, quen elixa ao Xuíz/a de Paz e aos seus substitutos, de entre as persoas que, reunindo as condicións legais, así o soliciten. No caso de non haber solicitantes, o Pleno elixirá libremente. Aprobado o acordo correspondente, será remitido ao Xuíz/a de Paz de Primeira Instancia e Instrucción, que o elevará a sala de Goberno.

O 2 de decembro de 2022, no BOP nº 229 publicouse o edicto, que figura exposto no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Carballo e no Xulgado de Paz do Concello da Laracha, anunciando a apertura do prazo de presentación de solicitudes por calquera interesado, tendo presentado solicitudes os señores/as:

- LANDEIRA LÓPEZ ROSANA
- LAZO FUENTES, XIOMARA ERLINDA
- LÓPEZ ZAS, MARÍA INÉS
- REY RODRÍGUEZ, CHRISTIAN
- VÁZQUEZ OTERO, JUAN JESÚS
- VILLAR BRAGUNDE, MARÍA JESÚS

Para establecer un criterio de selección terase en conta a antigüidade no posto de Xuíz/a de Paz ou similar, sendo MARÍA INÉS LÓPEZ ZAS, a única candidata que presenta experiencia no posto, sendo esta de 8 anos, polo que se propón a esta candidata como xuíza de paz substituta.

Non hai intervencións.

Considerando o establecido no artigo 212 da do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como o disposto no artigo 127 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Presidencia, e por unanimidade de todos os concelleiros presentes, o **PLENO ACORDA:**

PRIMEIRO.- Propoñer para o cargo de Xuíza de Paz substituta a titular a MARÍA INÉS LÓPEZ ZAS.

SEGUNDO.- Propoñer o seu nomeamento á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS + 2023.

Dáse conta do ditaminado na Comisión de Asuntos de Pleno do 24 de xaneiro de 2023:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 25 de novembro de 2022, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2023”, que se destina aos 93 concellos da provincia

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Estudiada a convocatoria por parte do Goberno Municipal e polos servizos técnicos correspondentes, esta alcaldía decidiu solicitar o participación no dito Plan.

Non hai intervencións.

Considerando o establecido no artigo 212 da do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como o disposto no artigo 127 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Presidencia, e por unanimidade de todos os concelleiros presentes, o **PLENO ACORDA:**

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	353.233,18
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	0
Subtotal gasto corrente	353.233,18

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello		
SUBSTITUCIÓN DO CESPEDE ARTIFICIAL DO CAMPO DE FUTBOL DA LARACHA	214.999,08	0		0	214.999,08
ACONDICIONAMENTO NA ESTRADA MUNICIPAL DESDE GOLMAR ATA SAN PANTAÍÓN (PARROQUIA DE GOLMAR)	22709,15	82998,08		82998,08	105.707,23
Subtotal investimentos achega provincial 2022	237.708,23	82998,08	0	82998,08	320.706.31

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

c) Redución de débeda con entidades financeiras:



Non se solicita

D) Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem.auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	353.233,18	0		0	353.233,18
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)	0	0		0	0
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023	0	0		0	0
	Achega 2022	237.708,23	82.998,08		0	320.706,31
C- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023	0	0		0	0
D - TOTAL	Achega 2023	353.233,18	0		0	0
	Achega 2022	237.708,23	0		0	0
	Préstamo 2023	0	0		0	0
	TOTAL	590.941,41	82.998,08	0	0	673.939,49

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE FONTELA A LOUREIRO (SX57) PARROQUIA DE ERBOEDO	65.012,47		65.012,47
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS NA PARROQUIA DE LEMAIO:	57.889,35		57.889,35

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

CAMIÑO DA FRAGA AO PEREIRO E CAMIÑO NO PEREIRO			
ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA MUNICIPAL DESDE DP-1909 ATA OUTEIRO	63.188,57		63.188,57
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DA FONTENLA A ESCURIDO (PARROQUIA DE LENDO)	38.934,87		38.934,87
TOTAIS	225.025,26		225.025,26

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS+2023 ADICIONAL/1 DE GASTOS SOCIAIS.

Dáse conta do ditaminado na Comisión de Asuntos de Pleno do 24 de xaneiro de 2023:

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 25 de novembro de 2022, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2023", que se destina aos 93 concellos da provincia.

Xunto co POS+2023 regúlase simultaneamente, o POS+ADICIONAL 1/2023 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, que será xestionado pola Sección de Servizos Sociais desta Deputación. A cantidade do POS+ADICIONAL 1/2023 asignada a este concello para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023 é de 103.026,34 €.

Non hai intervencións.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Considerando o establecido no artigo 212 da do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como o disposto no artigo 127 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Presidencia, e por unanimidade de todos os concelleiros presentes, o **PLENO ACORDA:**

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2023” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022: 103.026,34 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.	53.600,00€		53.600,00 €	34.342,11 €	19.257,89 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres	50.000,00		50.000,00	34.342,11	15.657,89



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

<p>en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>					
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS.</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>			0,00 €		0,00 €
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>			0,00 €		0,00 €
<p>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios</p>			0,00 €		0,00 €

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.					
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	39.000,00		39.000,00	34342,11	4.657,89 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	142.600,00 €	0,00 €	142.600,00 €	103.026,34	39.573,67 €
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
INVESTIMENTO	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes			0,00 €		0,00 €

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.					
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES				103.026,34 €	
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)				0,00 €	
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)				0,00 €	
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I + II + III)				103.026,34 €	

SEGUNDO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

6.- MOCIÓN, ROGOS E PREGUNTAS**6.A MOCION DO BNG.- AXUDAS PRODUCCIÓN ECOLÓXICA.**

Dase lectura a mocion :

“Moción do BNG para a dotación de fondos da Xunta de Galiza en relación coas axudas á



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

producción ecolóxica que cumpran co requisito da convocatoria para a campaña do 2022 e para o período 2023-2027 dentro do apartado de desenvolvemento rural da PAC.

Carolina Castiñeiras Brandón, portavoz do Grupo Municipal do BNG do Concello da Laracha, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

A Política Agraria Común pivota entorno a medidas de sustentabilidade e a prol de melloras medioambientais e de loita contra o cambio climático. Dentro destas medidas, o Pacto Verde ten como obxectivo acadar para a produción ecolóxica un 25% da Superficie Agraria Útil (SAU) dos 27 estados membros da UE para o 2030, para o que se fai fundamental que a PAC sexa un instrumento activo que dote de recursos ás explotacións, para que poidan manterse na produción ecolóxica ou realizar a conversión das producións convencionais.

Dentro deste contexto a Xunta de Galiza dende a Consellería promocionou activamente o paso das producións convencionais a ecolóxicas ata o punto de abrir unha convocatoria durante este ano 2022, con un abondoso éxito, que permitiu incrementar as hectáreas en ecolóxico existentes nunhas 12.000 máis para o que se necesitaría unha dotación orzamentaria próxima aos 5,6M€.

A orde de axudas establecía unha priorización de 2 puntos para as explotacións de montaña e de 1 punto para as situadas en Rede Natura. Estes criterios de concorrencia competitiva deixan fóra, de por si, a unha boa parte das pequenas granxas de leite e de pequenos produtores de horta e de carne de vacún, pero tamén a producións de ovino ou cabrún en ecolóxico, a falta de orzamento fará o resto, por isto se fai incompreensible que a Consellería de Medio Rural non poña os recursos económicos suficientes para dar satisfacción ás necesidades do sector.

O agro galego adoece dunha falta de planificación que aborde modificacións estruturais profundas, que lle permitan facer fronte ás circunstancias actuais de suba de prezos, escaseza de insumos, debilidade dos circuítos de comercialización con pagos por baixo dos custes de produción, etc. Polo que o éxito da convocatoria era previsible dado que estas axudas á produción ecolóxica poderían supor unha garantía para a supervivencia das granxas. Polo que a situación se torna máis grave aínda e denota unha falta de visión sobre as consecuencias de deixar fóra das axudas ó 43% das hectáreas solicitantes, que doadamente poden supoñer o abandono das producións ecolóxicas, ou incluso tamén da produción convencional pola falta de recoñecemento económico no esforzo feito e pola situación de debilidade económica na que quedan estas explotacións.

Vexamos por que a ausencia de axudas á produción ecolóxica pode supoñer un risco de peche para as granxas, en relación co esforzo feito polas persoas solicitantes de nova incorporación, ademais das cuestións xa mencionadas:

-Renuncia ás axudas agroambientais que viñan cobrando en convencional por seren incompatibles coas de ecolóxico.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

-Gastos en pago a entidades de asesoramento que van desde 1.200 a 1.400 euros.

-Cotas de inscrición no Craega que supoñen uns 450 euros

-Corrección de incidencias para poder estar en ecolóxico que poden ir dende os 1000€ ata moitos miles máis.

-No caso de querer manterse neste tipo de produción, as perdas das axudas correspondentes a este primeiro ano de conversión déixaos en inferioridade de condicións con outras novas incorporacións pasadas ou futuras que as tiveron e terán por 2 anos.

-Incremento do gasto pola diferenza entre un 1kg de pienso en convencional a ecolóxico que é de un mínimo 15 céntimos, que xera perdas acumuladas ó longo de todo o ano.

-Perda de ingresos polo descenso inicial da produción.

A potencial perda de axudas para o mantemento da produción ecolóxica causaría tamén danos irreparables que poden comprometer a súa viabilidade no futuro inmediato. Por outra banda desde o BNG observamos con grande preocupación como a incertidume se mantén de cara ao novo período da PAC 23-27 dado que a ausencia de planificación quedou en evidencia co descuberto orzamentario da convocatoria deste ano 2022, polo que é imprescindible que se garantan orzamentariamente as axudas para a totalidade das hectáreas de produción ecolóxica para este ano 22 e os seguintes. Esta nova PAC pretende un horizonte no 2.030 para as producións ecolóxicas do que nos atopamos lonxe, en Galiza andamos arredor do 5%, acadar o 25% a este ritmo e con estes precedentes non vai ser doado. Se este horizonte verde semella acaído e mesmo necesario para a saúde da poboación e pola necesidade de restrinxir o uso de pesticidas e o exceso de fertilizantes, a preservación da biodiversidade e dar un respiro ó medio ambiente, este conxunto de circunstancias provoca que Galiza estea indo no camiño inverso aos planes europeos para a produción ecolóxica o que causa que as granxas do país sufran os inconvenientes dos cumprimentos ambientais e perdan os beneficios que supoñen.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno a **adopción do seguinte ACORDO:**

1.-instar ao Goberno da Xunta a completar con fondos propios a cantidade orzada para a orde de axudas do ano 2022, na cantidade precisa ata acadar os 5,6M€ necesarios para cubrir as solicitudes presentadas.

2.-instar ao Goberno da Xunta a fornecer economicamente o orzamento destinado para as axudas ás producións ecolóxicas para cada ano do período 2023-2027.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

3.-instar ao Goberno da Xunta a darlle publicidade e transparencia as decisións adoptadas para público coñecemento das e dos produtores en ecolóxico, co fin de que poidan reconducir as súas explotacións evitando perdas económicas inxustificadas.”

O portavoz do Grupo municipal do PP, José Ramón Martínez, responde a moción lendo o seguinte:

“A Xunta promoverá a modificación do Plan Estratéxico da PAC (PEPAC) para dedicar nos vindeiros anos máis fondos a apoiar a produción ecolóxica consciente do crecemento exponencial rexistrado neste sector nos últimos tempos. As superficies en ecolóxico pasaron de incrementarse de media anual en menos de 2.000 hectáreas nos últimos seis anos a medrar ata 13.000 hectáreas entre 2021 e 2022, algo que non se podía prever.

Esta evolución amosa tamén o compromiso da Xunta con este sector desde que posibilitou que a agricultura ecolóxica se convertese nunha opción viable e nunha preferencia para os consumidores.

Os fondos para agricultura ecolóxica xa se incrementaron en 2022 nun 59% pasando de 2 a 3,18 millóns de euros, e en 2023 subirán outro 23% ata os 3,9 millóns de euros.

Todo isto corresponde ás axudas do segundo pilar da PAC (desenvolvemento rural), que incrementaron a súa contía global de 31 a preto de 40 millóns de euros no último ano, pero ademais todos os agricultores e gandeiros galegos con dereitos -tamén os que traballan en ecolóxico- van percibir as axudas directas do primeiro pilar.

Estes aumentos fixéronse en virtude de ata seis modificacións do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia, uns procedementos nos que estiveron presentes e tiveron voz as organizacións profesionais agrarias que representan ao sector e que manifestaron a súa conformidade co mantemento ou ampliación de fondos para diferentes liñas de axudas, entre elas as dedicadas á agricultura ecolóxica.

O pasado 16 de xaneiro celebrouse unha reunión do Consello Agrario Galego na que a Consellería de Medio Rural acordou coas organizacións profesionais agrarias e co Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) traballar conxuntamente para avaliar distintas propostas de cara a garantir máis fondos para a agricultura ecolóxica na PAC do período 2023-2027 e beneficiar a cantas máis persoas dedicadas á produción ecolóxica como sexa posible.”

A voceira do PSOE fai lectura da seguinte emenda:

“O Grupo Municipal dos Socialistas de A Laracha, por iniciativa da súa voceira, María Palomi Rodríguez Castiñeira e ao abeiro do disposto no artigo 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais propón para o seu debate e aprobación no vindeiro Pleno a seguinte emenda á Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, para a dotación de fondos da Xunta de Galicia en relación coas axudas á produción ecolóxica que cumpran co requisito da convocatoria para a campaña do 2022 e para o período 2023-2027 dentro do apartado de desenvolvemento rural da PAC.

Emenda de adición



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da moción que quedará redactado co seguinte contido:

“4. Instar a Xunta de Galicia a que proceda á modificación do PDR para que no próximo período 2023-2027 o problema non volva repetirse, e garantir deste xeito que todas as explotacións que o soliciten poidan acollerse a esta liña de axudas.”

Sometida a consideración a urxencia da moción, esta é rexeitada polos seguintes votos:

En contra Partido Popular D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP).

A Favor partido Socialista e Bloque nacionalista Galego: Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) e D. José Martínez Ageitos. (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

3.B MOCION DO GRUPO DO BNG.- ESPAZOS CUBERTOS RECINTOS EDUCATIVOS.

Dase lectura a mocion na cal se solicita o seguinte:

Instar ao Goberno Municipal do Concello da Laracha para que reclame á Consellería de Educación da Xunta de Galicia acometer obras nos recintos educativos da capital municipal, Instituto Agra de Leborís e Colexio Otero Pedraio, para dotar a ambas instalacións de espazos exteriores cubertos onde resgardarse da choiva.

O alcalde responde que xa se solicitou e trasladou a petición desde a visita do Concelleiro ao Otero Pedraio. De todas formas xa se fixeron varias reformas coa colaboración do Concello, como o pabellón, construción da aula infantil e os novos accesos se están estudando pola Xunta, como a compra do terreo para ampliar os accesos.

En contra Partido Popular D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP).

A Favor partido Socialista e Bloque nacionalista Galego: Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) e D. José Martínez Ageitos. (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

3.C MOCION DO GRUPO SOCIALISTA – SOBRE O APOIO Á MOBILIZACIÓN Á



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

ATENCIÓN PRIMARIA.

Dáse lectura a mocion :

“O Grupo Municipal Socialista da Laracha de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción sobre o apoio á mobilización Atención Primaria.**

Exposición de motivos

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención aos doentes, que se traduce en días e incluso semanas de espera para ser atendidos polo médico de cabeceira ou pediatra.

Os recortes da última década amósanse agora con toda a súa crudeza, e obsérvase como a perda de investimento (140 millóns de euros menos no orzamento de atención primaria con respecto a 2009) e de persoal (case 1000 profesionais menos en atención primaria que en 2009) repercuten agora nun sistema saturado e con profesionais precarizados, que acumula retrasos e demoras na súa capacidade asistencial.

O fabuloso traballo dos profesionais sanitarios e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido polos dirixentes dun sistema que continúan a manter unhas das peores condicións laborais de toda España, provocando que os profesionais e médicos en formación eviten a atención primaria dadas as súas condicións.

Dende o ano 2009 Galicia renunciou a formar a 180 profesionais médicos para atención primaria. Hoxe o nivel formativo habilitado polo goberno do Estado para novos profesionais sanitarios en 2023 é o maior da historia, co maior número de prazas MIR (Médico/a Interno Residente), EIR (Enfermeira Interna Residente) ou outras especialidades para poder convocar, chegando a 725 só para a nosa Comunidade Autónoma. Non en tanto o Goberno de Galicia ten anunciado a súa convocatoria e quédase en 620, deixando máis de 100 prazas sen convocar entre as que hai 29 prazas enfermería familiar e comunitaria (que son as especialistas en atención primaria) que neste mesmo 2023 van quedar sen ofertarse por decisión exclusiva do actual goberno de Galicia. Mais ocorre tamén noutras como oncoloxía, pneumoloxía, cardioloxía, anestesia ou todas as categorías en saúde mental onde non se convocan todas as prazas posibles.

Esta situación evidencia problemas en todo o sistema, que se notan especialmente en atención primaria e nas urxencias hospitalarias:

1. Nos centros de saúde e PAC, con obvias dificultades e complicacións para que os centros estean totalmente cubertos na medida que necesitan.
2. Nos servizos de urxencias hospitalarias, que sofren a saturación provocada polo funcionamento ineficiente dos centros de saúde e PAC
3. Tamén existen problemas nos hospitais comarcais que perderon



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

capacidade de autoxestión e hoxe ven como perden profesionais ou na dotación de ambulancias para cubrir todo o territorio, alimentando a existencia dun sistema sanitario de diferentes velocidades en función de onde vivan os cidadáns.

Este escenario ten levado a un incremento evidente do malestar da cidadanía e dos propios profesionais. Así os sanitarios do propio sistema público discrepan da xestión do goberno autonómico no sistema sanitario, o que se ven traducindo en problemas constantes e dimisións constantes como a recente dimisión do presidente do Consello Galego de Colexios Médicos por considerar que a Consellería non tiña interese en resolver a situación nin atender a ningún diálogo.

As continuas mobilizacións e protestas cidadás durante os últimos anos evidencian a crecente contestación social existente co Goberno galego.

Ante toda esta situación, e en particular tamén polo que afecta a este concello, formulamos as seguintes propostas de acordo:

O Pleno municipal do Concello da Laracha acorda:

1. Amosar o seu apoio á mobilización cidadá convocada pola plataforma SOS Sanidade Pública en Santiago de Compostela o día 12 de febreiro, sumándose ao que numerosas organizacións, colectivos e persoas a título persoal veñen facendo durante as últimas semanas.
2. Impulsar a axuda para a recollida de sinaturas que promovan a presentación da ILP para a mellora de atención primaria que fomenta SOS Sanidade Pública.
3. Instar ao goberno de Galicia a que reformule as súas políticas en materia sanitaria, especialmente no ámbito da atención primaria, para que cambie o modelo asistencial e de xestión de recursos humanos que permita convocar todas as prazas posibles para formar novos profesionais e mellore as condicións laborais para poder contribuír a ter máis profesionais que permitan atender á poboación coa maior calidade asistencial posible.”

O portavoz do Grupo municipal do PP, José Ramón Martínez, responde a moción lendo o seguinte:

“Os partidos e a plataforma que apoian estas mocións e esta iniciativa lexislativa están a opoñerse sistematicamente ás medidas que a Xunta de Galicia promove no ámbito das súas competencias para contribuír a resolver o problema que denuncian. E ignoran deliberadamente as responsabilidades do Goberno de España nas poucas competencias que ten en sanidade: a regulación do sistema de formación de profesionais sanitarios. É fundamental que se fagan as reformas que permitan formar a 1.000 médicos de familia máis en España cada ano durante os vindeiros catro anos.”

Alcalde: hai proposta do Parlamento para solicitar mais prazas e cambio de sistema.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

En contra Partido Popular D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP).

A Favor partido Socialista e Bloque nacionalista Galego: Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) e D. José Martínez Ageitos. (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

3.D MOCION DO GRUPO POPULAR - SUBIDA DAS PEAXES NAS AUTOESTRADAS AP-9 E AP-53.

•
Dase lectura a mocion :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada AP-9 é a vía de comunicación máis importante de Galicia, xa que vertebra o territorio onde reside o 60% da poboación. Así mesmo, tamén é a autoestrada que, a pesar das bonificacións implantadas, está entre as máis caras de España, xunto coa outra autoestrada estatal en Galicia, a AP-53, que non ten ningún tipo de bonificación.

A día de hoxe, e aínda coas bonificacións implantadas, a AP-9 ten un custo medio por quilómetro de 6,12 céntimos. No caso da autoestrada estatal AP-53, de comunicación de Santiago con Ourense, ten o custo da peaxe máis alto de Galicia e atópase no “top” de España, con 7,77 céntimos de custo medio por quilómetro.

Estas dúas autoestradas estatais non só son das máis caras de España, senón que tamén se seguirán encarecendo en xaneiro, coa suba derivada do IPC se o Goberno central non adopta medidas, como xa fixo a Xunta nas autoestradas autonómicas da súa competencia, a AG-55, entre A Coruña e Carballo, e a AG-57, Vigo- Baiona.

Isto significa que, se o Goberno central non o remedia, o 1 de xaneiro a suba das peaxes en ámbalas dúas autoestradas estatais en Galicia roldará o 9%, o que suporá o segundo maior incremento da serie histórica.

Entrando máis en detalle, os galegos teremos que soportar unha suba de máis do 8% nas peaxes da autoestrada estatal AP-53 e de case o 9% na AP-9. Nesta última haberá que sumarlle o 1% de incremento extra pola compensación a Audasa polas obras de ampliación da autoestrada, que autorizou un Goberno socialista en España.

Desde o grupo do Partido Popular do concello da Laracha lamentamos que ante a escalada de prezos e o evidente impacto que o IPC ía ter nas tarifas das autoestradas estatais AP-9 e AP-53, o Goberno de España non prevese ningunha medida nos Presupostos Xerais do Estado de 2023 co obxectivo de paliar o impacto da suba das peaxes no peto das familias e na competitividade das empresas.

Porén, consideramos que o Goberno de España está a tempo. Pode e debe evitar que os galegos



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

teñamos que asumir o vindeiro 1 de xaneiro unha suba histórica das peaxes da AP-9 e da AP-53 no peor momento.

É por iso que, desde o grupo do Partido Popular presentamos esta moción para pedirlle ao Goberno de España que siga o exemplo do Goberno galego, que adopte medidas similares ás que xa adoptou a Xunta nas dúas autoestradas de titularidade.

autonómica, coa conxelación das peaxes en 2023, para evitar que os cidadáns asuman unha suba por mor do IPC, que está disparado.

Para anticiparse a esta situación, o Goberno galego, ante un previsible e desproporcionado incremento das peaxes das autoestradas da súa competencia como consecuencia do IPC, adoptou a decisión de conxelar as peaxes das autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57 e así o recolleu nos Orzamentos de 2023.

Os Orzamentos da Xunta conteñen unha partida de 4,8 M€ para paliar o impacto das peaxes nos usuarios, absorbendo o impacto do IPC e aplicando descontos. Esta partida representa un incremento do 86% con respecto ao 2022 e permitirá continuar coas bonificacións xa activas (usuarios recorrentes, en horario nocturno e para familias numerosas) e conxelar o prezo das peaxes das autoestradas autonómicas o 1 de xaneiro de 2023.

Esta medida da Xunta vense a sumar á que xa adoptou o 1 de xaneiro de 2022 para limitar o impacto da suba do IPC nas peaxes das autoestradas autonómicas, asumindo a metade do incremento, un 2,5%, no canto do 5% que correspondería.

Polo tanto, está fóra de toda dúbida que é unha cuestión de vontade política que o Goberno de España colla exemplo e adopte medidas nas autoestradas de titularidade estatal como as que a Xunta vai facer nas autoestradas autonómicas da súa competencia

En definitiva, é posible limitar as subas das peaxes e o Goberno de España ten o deber de facelo nas autoestradas de titularidade estatal en Galicia: na AP-9 e na AP-53.

Polo exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao Goberno de España a que adopte as medidas encamiñadas a conxelación das peaxes nas autoestradas estatais, a AP-9 e a AP-53, similares ás que adoptou o Goberno galego nas autoestradas autonómicas.

O voceiro do BNG pregunta si eso é realmente de competencia local, pero manifesta o seu apoio á moción.

A voceira do PSOE propón unha emenda de engádega á que da "O Concella da Laracha insta a Xunta de Galicia a que adopte medidas equivalentes ás do Goberno do Estado para as autoestradas galegas AG-55 e AG-57 para que todas as viaxes de volta que se produzan en tramos idénticos dentro dun prazo máximo de 24 horas estena bonificadas ao 100 %, de xeito que esta bonificación non se limite so ás familias numerosas, senón á totalidade das persoas usuarias.". Engade que están



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

dacordo independentemente do partido. Queremos as mesmas medidas da AP9 na AG55.

Votación enmenda:

En contra Partido Popular D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP)

A Favor partido Socialista e Bloque nacionalista Galego: Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras. (PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE) Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

Votacion da mocion aprobada por **unanimidade dos quince (15) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. Dna. Cristina Vieites Calvo.(PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG)

3.D MOCION DO GRUPO POPULAR - ANTEPROXECTO DE LEI QUE RETIRA OS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

Dase lectura a mocion :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O emprego é un dos grandes piares da inclusión ao constituír unha das referencias básicas da integración dunha persoa na sociedade e o elemento que lle permite a independencia no seu desenvolvemento.

Nese sentido, os centros especiais de emprego, cuxa misión é facilitar a inclusión sociolaboral das persoas con discapacidade, contribúen á empregabilidade dese colectivo nun entorno aberto, inclusivo e accesible. A diferenza do resto de operadores do mercado, os centros especiais de emprego prestan aos seus traballadores con discapacidade apoios persoais, sociais e laborais. Estes centros son especialmente relevantes se consideramos que, segundo o Instituto Nacional de Estatística, no noso país residen actualmente unhas 4,5 millóns de persoas con discapacidade, pero soamente unha de cada catro ten emprego.

O anteproxecto de lei del Ministerio de Trabajo y Economía Social, que regula os incentivos á contratación laboral e outras medidas de impulso e mantemento do emprego estable e de calidade, derroga moitos dos incentivos existentes para a contratación de persoas con discapacidade, afectando a empresas ordinarias e a centros especiais de emprego.

Respecto a estes, uns 2.300 centros especiais de emprego, tanto de iniciativa social como empresarial, que dan traballo a preto de 100.000 persoas con discapacidade, veranse gravemente afectados. O anteproxecto de lei afectaría tamén a entidades que fomentan o emprego de persoas



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

con discapacidade como o Grupo Social ONCE, onde estas persoas supoñen o 59% da plantilla, ou o Comité de Representantes de Personas con Discapacidad (CERMI).

Este anteproxecto elimina a bonificación do 100% pola contratación de persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego. Só para os contratos de carácter indefinido se establecen unhas bonificacións lineais como nas empresas ordinarias.

Sen as bonificacións e incentivos existentes hoxe, a reducida taxa de ocupación deste colectivo será mesmo peor, afectando negativamente á participación e autonomía destas persoas en contra dos obxectivos da Estratexia europea sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade para 2021-2030 e a Estratexia Española sobre Discapacidade 2022-2030.

É igualmente grave a falta de diálogo do Ministerio de Trabajo y Economía Social durante o proceso de elaboración desta normativa, non só coas organizacións da discapacidade, senón coas Comunidades Autónomas que son responsables das políticas activas de emprego.

Esta proposta do Ministerio de Trabajo y Economía Social supón, por tanto, un serio desafío ao modelo de emprego das persoas con discapacidade vixente durante máis de corenta anos e baseado no principio dunha atención especializada e consagrada no artigo 49 da Constitución Española. Ademais, a inclusión sociolaboral das persoas con discapacidade resentirase de forma inmediata debido á perda automática de postos de traballo, os pechos de centros especiais de emprego e a falta de prestación de servizos xa en marcha. É aquí onde os centros especiais de emprego son fundamentais, porque a mellor política para asegurar a inclusión é o emprego.

Polo exposto, proponse ao Pleno adoptar o seguinte

ACORDO

O Concello da Laracha insta ao Goberno de España, en concreto ao Ministerio de Trabajo y Economía Social, a que proceda, sen dilación, a retirar o anteproxecto de lei que regula os incentivos á contratación laboral e outras medidas de impulso e mantemento do emprego estable e de calidade por resultar altamente prexudicial para o emprego das persoas con discapacidade.

A voceira do PSOE pon de manifesto que fala como persoa cunha discapacidade do 25 %. Traballou na ONCE buscando emprego para persoas discapacitadas. Os centros especiais de emprego non son o que nos enseñan na TV. No Consello de Ministros acordouse a aceptación polo Ministerio de Traballo das medidas para os discapacitados propostas polo CERMI.

Tamén a Ministra Montero negou que exista vontade por parte do Goberno de España de eliminar deducións e bonificacións para o emprego das persoas con discapacidade.

O voceiro do BNG manifesta que o Goberno municipal pide a retirada do anteproxecto. Está en fase de poder modificarse. Propoñen “instar a non retirar a bonificación do 100%”

Votacion da enmenda aprobada por **unanimidade dos quince (15) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

(PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG)

Votacion da mocion aprobada por **unanimidade dos quince (15) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG)

ROGOS

3. E ROGO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-

Veciñas e veciños da rúa Ramón Cabanillas trasladáronnos as súas queixas pola presenza de ratas de gran tamaño, algo que xa ten sucedido anteriormente nesta zona.

É polo que **SOLICITAMOS**:

Que desde o goberno municipal se adopten as medidas oportunas para evitar a presenza de ratas de gran tamaño na rúa Ramón Cabanillas da Laracha e o entorno da mesma.

O alcalde responde que cree que xa foron alí.

3F ROGO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Xoan Xoán Manoel Sande Comenta a denuncia dun vertedura en facebook.

José Ramón Martínez contesta que no nos gusta poñer en facebook que ten que recoller o plástico o propietario.

Carolina Castiñeiras: é que está ata nas árbores. O problema é que mais de quen leva a leira, no do propietario. Ao pasarse a fresadora espraíase por todos lados.

Alcalde: pois parece mentira, vanllos recoller á casa gratis.

Mª Palomi Rodríguez: o problema é que non estamos concienciados.

9.G PREGUNTA GRUPO SOCIALISTA



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Hai uns días o delegado territorial da Xunta de Galicia achegouse ata o Concello da Laracha, acompañado do xefe territorial da Consellería de Educación, para supervisar os traballos realizados no CEIP Alfredo Brañas de Paosaco e ao CEIP Ramón Otero Pedraio da Laracha, onde neste intre, se están a executar melloras nunha parcela anexa ao centro de cara a habilitar aparcamentos para buses e coches, todo isto enmarcado dentro do Plan especial de ampliación dos equipamentos do colexio Otero Pedraio.

Plan que ten como un dos obxectivos ampliar a superficie do recinto educativo para resolver “os problemas de tráfico que se xeran pola propia afluencia de alumnado e persoal”, e para “mellorar as comunicacións rodadas”.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista PREGUNTA:

1. Podería explicar como van habilitar eses aparcamentos para os 10 buses do transporte escolar e para os coches? Cantas prazas vai haber para buses, se serán con andén, en liña, batería...? E para coches?. Mesturaranse os aparcamentos de coches de familias co desembarque e embarque do alumnado?
2. Dispoñen do proxecto para esta actuación? En caso de que non dispoñan aínda do proxecto, para cando prevé telo?

Alcalde: no Otero Pedrayo xa se fixo unha cesión e agora fíxose o peche. Estas facendo o proxecto, logo de pagar a expropiación. O proxecto é importante economicamente. Se non chegamos, farémolo con cargo ao remanente.

No Alfredo Brañas estamos a punto de asinar a escritura de adquisición dunha parcela na que tamén se ubicará unha pista polideportiva. No proxecto se recolle a mellora do acceso ao Alfredo brañas e aparcamento.

9.H PREGUNTA GRUPO SOCIALISTA

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade deu a coñecer no Concello da Laracha, hai uns días, que o Plan de mellora de seguridade viaria e a accesibilidade das paradas de autobuses en estradas comezará na AC-552 (é unha estrada pertencente á rede primaria básica da Xunta de Galicia).

Tal e como se recolle nos medios de comunicación as actuacións previstas serían:

- Mellorar a accesibilidade nas paradas, co fin de facilitar o seu uso por parte das persoas con problemas de mobilidade, realizándose ramplas e dotando o contorno de pavimento especial para ser recoñecido por persoas invidentes ou con dificultades de visión.
- Favorecer a conectividade entre as distintas paradas con beirarrúas ou sendas, nos lugares que non existan.
- Favorecer o uso do transporte público, polo que se tivo en conta a mellora da seguridade en varios sentidos.
- Eliminar a vexetación na contorna e a iluminación, mellorando así a visibilidade das persoas usuarias.
- Acondicionar carrís de paradas para facilitar a circulación e a proteccions dos peóns, conseguindo así ampliar o espazo e mellorar a sinalización, sobre todo na velocidade.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- Instalacións de novas marquesiñas, con modelos que resulten máis axeitados para a protección das persoas usuarias fronte ás inclemencias do tempo. E asentos máis cómodos durante á espera.

As primeiras en licitarse serán 32 paradas na zona, das que 18 están no noso municipio, na Laracha.

O caso que nos ocupa agora é outra estrada que afecta a este concello, é a estrada AC-400 ao seu paso polo lugar do Corgo (Soandres). Parada física existente no lugar do Corgo, Soandres.



Podemos apreciar como existe a parada, pero o sitio é xusto e non está acondicionada.

Cando chove as persoas usuarias non teñen onde resguardarse

Non existe suficiente espazo para que bus faga a súa parada.



Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista PREGUNTA:

1. A vista das actuacións que se realizarán na AC-552 a través do Plan de mellora de seguridade viaria e a accesibilidade das paradas de autobuses en estradas, coñece o Sr. alcalde se algunhas das intervencións mencionadas anteriormente se van acometer nesta estrada autonómica, na AC-400 ao seu paso polo lugar do Corgo?
2. En caso afirmativo, que intervencións?



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

3. Hai algunha previsión de acondicionamento da parada existente para facilitar a protección das persoas usuarias e ao mesmo tempo que o bus aparque no lugar que lle corresponde?

Alcalde: a primeira actuación que vai facer a Xunta é na estrada Arteixo-Laracha-Carballo. O Corgo está incluído. O problema solucionábase poñendo unha marquesiña pero en frente do bar non hai moito espacio. Haberá que ver se se pode acondicionar algo, pero eso é da Xunta. Se podemos facer nós, no hai problema, aínda que alí non hai espacio.

REMATE DA SESIÓN.-

Non sendo outro o obxecto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 14:10 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, Secretaria, dou fé.

A secratria,

O Sr. Alcalde-presidente,